	MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS PARA A EXECUCIÓN DE TRABALLOS	Edición nº: 01
		Fecha Edición: 06/11
		CÓD.DOC: MC05D1
ANEXO		Página: 1 de 7


Rennova Solucións Medioambientais S.L. faise eco da necesidade de atenuar e evitar os impactos que xorden como consecuencia das prácticas a desenvolver no medio natural e forestal, no que executa a meirande parte dos seus traballos.

Este compromiso asumido por Rennova, debe a súa vez, ser o compromiso asumido por todos os axentes involucrados na execución destes traballos, que deberán cumprir os requisitos ambientais requiridos e ser participes das pautas de actuación ambientais máis correctas e a desenvolver.


Polo aquí exposto e como guía de proceder para as empresas subcontratadas por Rennova, establécense as seguintes pautas de actuación máis correctas na execución dos traballos a desenvolver en espazos naturais e forestais.

BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS:


1. Buscar o uso sostible das actuacións, potenciando a pureza dos ecosistemas.
2. Coñecer e cumprir os regulamentos e restricións normativas existentes en materia de conservación da natureza e de montes, garantindo a conservación, protección, promovendo a súa restauración, mellora, sostenibilidade e aproveitamento racional.
3. Unicamente se realizarán fertilizacións nas plantacións, baixo xustificacións técnicas e logo da análise e diagnose do solo, co fin de detectar as deficiencias existentes e evitar os desequilibrios nutritivos.
4. Non se deberán empregar produtos fitosanitarios químicos nin doses que non estean legalmente autorizadas. Daqueles produtos autorizados deberase xustificar tecnicamente a súa aplicación.
5. Baleirar totalmente os contedores de produtos químicos, para reducir residuos.
6. Empregar os produtos químicos máis inocuos e coidar a dosificación recomendada polo fabricante para reducir a perigosidade dos residuos e a contaminación.

	MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS PARA A EXECUCIÓN DE TRABALLOS	Edición nº: 01
		Fecha Edición: 06/11
ANEXO		CÓD.DOC: MC05D1
		Página: 2 de 7


7. Decantarse polo emprego de técnicas non agresivas co medio, especialmente en tratamentos contra plantas exóticas, control de pragas e enfermidades.
8. Contribuír ó mantemento do patrimonio xenético co emprego e o respecto de especies autóctonas.
9. Priorizar no emprego de organismos non modificados xenéticamente.
10. Emprego de sementes, plántulas e material de viveiros adaptados á zona, que requiran poucos coidados.
- 11. Evitar prácticas que fomenten a aparición de pragas ou enfermidades, efectuando, cando sexa posible a trituración dos restos.**
12. Velar pola protección, mantemento e mellora das áreas de vexetación ripícola, evitando o emprego de produtos químicos e a acumulación de residuos que poidan deteriorar os leitos dos ríos.
13. Conservar a estrutura do solo.
14. Evitar actuación e modificacións que poidan favorecer a perda de solo por erosión.
15. Tender a creación de paisaxes armónicos e integrados no medio con baixos requirimentos de aportes (pesticidas, abonos, auga, coidados,...).
16. Optimizar os consumos de recursos naturais.
17. Reducir a xeración de residuos.
18. Xestionar adecuadamente os residuos producidos para evitar a contaminación.
19. Velar polo mantemento da limpeza de residuos causados polas actividades forestais. Evitar el vertido de residuos industriais (lubricantes, fuel,...) na execución de traballos no medio natural, empregando produtos biodegradables e acondicionando zonas para a limpeza de maquinaria e equipos.
20. Manter as obras limpas, sen restos de lixo ciscado polo chan, estes residuos urbanos deberanse recoller e depositar no contedor apropiado.
21. No caso de xerarse residuos perigosos, deberanse seguir as seguintes indicacións:
 - a. Os residuo perigosos non se poden mesturar con outros residuos, nin entre si.

	MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS PARA A EXECUCIÓN DE TRABALLOS	Edición nº: 01
		Fecha Edición: 06/11
ANEXO		CÓD.DOC: MC05D1
		Página: 3 de 7

- b. Os residuos perigosos eliminaranse a través de un xestor autorizado.
 - c. No caso de se producir un vertido sobre terra, extraerase a capa afectada, almacenándoa no correspondente contedor/bolsa e tratándoa como residuo perigoso.
22. Cumprirase coa lexislación vixente aplicable, identificando e comunicando a quen corresponda a aparición de testemuños prehistóricos e históricos dentro da unidade de xestión forestal.
 23. Empregar equipos e maquinaria que teñan os menores efectos negativos para o medio (con aceites lubricantes minerais, con fluídos refrixerantes non destrutores da capa de ozono, con baixo consumo de enerxía e auga, menos ruidosos,...).
 24. Elixir ferramentas e útiles máis duradeiros e con menos consumo na súa elaboración de recursos naturais e enerxía.
 25. Empregar, no posible, envases fabricados con materiais reciclados, biodegradables ou que poidan ser retornados ós provedores.
 26. Evitar o exceso de envoltorios e envases de tamaño que permita a redución da produción de residuos de envases.
 27. Evitar o uso de plásticos sobre todo os que teñen cloro como o PVC.
 28. Ter coñecemento dos símbolos de perigosidade e toxicidade de herbicidas e pesticidas. Non facer uso de aqueles que estean prohibidos.
 29. No almacenamento de produtos químicos débense seguir as seguintes indicacións:
 - a. Etiquetar de maneira clara e visible as materias e produtos.
 - b. Seguir as normas de almacenamento para cada produto.
 - c. Manter separados produtos químicos que poidan reaccionar en contacto.
 - d. Evitar as caducidades para reducir residuos.
 30. Conservar o solo, evitando a erosión co laboreo adecuado no momento oportuno e reducindo ó mínimo o tempo de permanencia de solos espidos.
 31. Incrementar a saúde e fertilidade do solo, favorecendo o equilibrio entre as súas características físicas e minerais e a actividade biolóxica.

	MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS PARA A EXECUCIÓN DE TRABALLOS	Edición nº: 01
		Fecha Edición: 06/11
CÓD.DOC: MC05D1		
Página: 4 de 7		
ANEXO		


32. Abonar tendo en conta as condicións climatolóxicas, o estado do solo e as características do terreo para evitar a contaminación.
33. Tender a eficiencia enerxética coa minimización do consumo de enerxía no sentido máis amplo optando pola adquisición dos recursos máis próximos (redución do transporte), uso de enerxías renovables,...
34. Deberase levar a cabo un mantemento adecuado da maquinaria a empregar:
- a. Facer revisións periódicas dos equipos e maquinaria para optimizar o consumo de auga e enerxía.
 - b. Revisar o funcionamento dos equipos, o calibrado,... que garanta que os tratamentos e labores son adecuados.
 - c. Manter as condicións adecuadas dos equipos de traballo (útiles de poda, roza,...) que eviten a proliferación de enfermidades e pragas.
 - d. Evitar os derrames ó solo de combustibles, aceites e outros líquidos que poderían chegar á auga.
 - e. Os pneumáticos usados deberán ser xestionados por xestor autorizado, na Comunidade Galega, SIGNUS e TNU. Os talleres e demais instalacións que desexen facer entrega dos NFU a SIGNUS deben darse de alta como punto de xeración acreditado na páxina www.signus.es ou pórse en contacto a través do teléfono 902.882.115.
35. Deberase fomentar o emprego de materias orgánicas en prol daqueles que se transforman en residuos tóxicos ou perigosos ó final do seu uso, como os elementos organoclorados (PVC, CFC).
36. Na xestión dos residuos xerados deberanse ter en conta os condicionantes:
- a. Deberanse separar correctamente os residuos.
 - b. Deberanse depositar nos contedores habilitados para elo.
 - c. Seguir as pautas que estean establecidas para aqueles residuos que sexan obxecto de recollida especial.
37. Normas de recollida, transporte e vertido de terras e escombros:

	MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS PARA A EXECUCIÓN DE TRABALLOS	Edición nº: 01
		Fecha Edición: 06/11
CÓD.DOC: MC05D1		
Página: 5 de 7		
ANEXO		

- a. Deberanse depositar os vertidos de terras e escombros en aqueles puntos específicos habilitados ó respecto.
 - b. Non se poderán evacuar ningún tipo de residuo orgánico mesturado coas terras e escombros e en xeral de todo aquilo que poida desencadear danos a terceiros, ó medio e a hixiene pública.
 - c. O transporte de terras e escombros deberase facer nas debidas condicións, evitando o vertido accidental do seu contido e adoptando as precaucións necesarias.
38. Os residuos perigosos deberán ser entregados para ser xestionados por xestores autorizados.
39. Deberase evitar ou minimizar os ruídos producidos pola maquinaria elixindo equipos menos ruidosos, mantendo desconectados os aparatos cando non se estean empregando e realizando un mantemento da maquinaria que permita reducir ó mínimo as emisións sonoras.
40. Reducir as emisións mantendo desconectadas as máquinas e elementos de traballo, con motores a gasolina ou gasoil, cando non se estean empregando.
41. Evitar grandes modificacións do solo que poidan provocar a súa perda por erosión.
42. Deberase buscar a creación e integración de paisaxes armónicos e integrados no medio.

DEPÓSITO DE RESIDUOS

DEPOSITAR	RESIDUOS	RECOMENDACIÓNS
Contedor de papel e cartón	Envases de papel e cartón	Non se deberán votar papeis ou cartóns sucios, nin bolsas de plástico e dobrar os cartóns.
Contedor de vidro	Botellas e botellíns, botes de cristal.	Quitar as tapas, tapóns e corchos. Limpar os recipientes antes de votalos no contedor.
Contedor de envases	Envases plásticos e bolsas de plástico.	Escorrer ou limpar os envases antes de votalos no contedor.
Punto de acopio autorizado polos concellos aferidos,(http://sirga.medioambiente.xunta.es/docs/resagrarios/Galicia_plastico_agricola.pdf)	Plásticos agrícolas	Os residuos acumulados deben ser exclusivamente plásticos agrícolas e deben estar o máis limpos posibles e atados e recollidos de tal xeito que faciliten a súa recollida.
Receptáculo en contedor de vidro. Pequeño contedor. Establecementos de venta.	Pilas	Non tiralas en ningún outro contedor.
Contedor de materia orgánica e restos	Materia orgánica	
SIGNUS e TNU	Pneumáticos usados	As instalacións (talleres e demais) que desexen facer entrega dos NFU a SIGNUS deben darse de alta como punto de xeración acreditado na páxina www.signus.es ou porse en contacto a través do teléfono 902.882.115
Xestor autorizado	Aceites, filtros, envases contaminados,...	SIGFITO AGROENVASES S.L., entidade autorizada pola consellería de Medio Ambiente para coordinar a recollida e xestión dos envases e residuos de envases de produtos sanitarios.

	MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS PARA A EXECUCIÓN DE TRABALLOS	Edición nº: 01
		Fecha Edición: 06/11
ANEXO		CÓD.DOC: MC05D1
		Página: 7 de 7

DIRECCIÓN DE INTERESE

<http://sirga.medioambiente.xunta.es/index.html>, portal de acceso á información relacionada coa xestión de residuos en Galicia.

Sistemas Integrados de Xestión

<http://www.ecoembes.com/es/Paginas/portada.aspx>

<http://www.ecovidrio.es/html/>

<http://www.sigfito.es/>

<http://www.ecolec.es/>

http://www.ambilamp.es/que_es

<http://www.ecofimatica.es/>

<http://www.ecolum.es/>

Entidades/Instalacións de Xestións

<http://www.sogama.es/gl>

<http://www.coruna.es/gl/medioambiente/030105plant.jsp>

<http://www20.gencat.cat/portal/site/arc/>

<http://www.cogersa.com/>

<http://www.ihobe.net/inicio.htm>

<http://www.namainsa.es/cas/inicio/index.htm>